



Estimadas familias:

A partir de hoxe poderedes desfrutar na biblioteca da escola da exposición do ilustrador, Leandro Lamas, inspirada en 12 poemas do libro “Soños na gaiola”, de Manuel María.

Esta exposición chega á escola da man da Casa – Museo Manuel María, en colaboración co Concello de Ponteceso. Estará exposta ata o día venres 1 de febreiro en horario de 16 a 18 horas.

Para completar a exposición, o vindeiro 6 de febreiro, unha persoa responsable da Casa Museo Manuel María, achegarase á escola a dinamizar un obradoiro sobre as láminas.

Aproveitamos tamén para recordarvos que o venres remata o prazo para achegar as imaxes que axuden a decorar o mural sobre a Paz que estará exposto na entrada da escola.

Sen máis, recibide un cordial saúdo!

Equipo de biblioteca